

BASES DO CONCURSO DO ENTROIDO 2026

O obxecto das presentes Bases é a regulación e condicións nas que se desenvolverá o Concurso de Disfraces do Entroido 2026. O obxectivo das presentes bases é o de convocar a todos os posibles participantes no tradicional concurso do entroido de Outes dotando dito evento das normas e condicións necesarias para o seu correcto desenvolvemento. O Concello de Outes está comprometido e interesado en promover os valores culturais e as nosas tradicións máis lonxevas e faino co obxecto de preservar e facer medrar o entroido convocando o concurso de disfraces a celebrar o mércores de cinza, 18 de febreiro de 2026.

Sendo ademais esta, unha xornada de festa no noso concello, xa que é festivo local e queremos promover este día para que a nosa poboación goce destas ancestrais celebracións. Así mesmo facemos fincapé neste día no que nos preparamos tamén para recibir xente doutros lugares que queiran vir de lecer a Outes, organizando para todos e todas unha xornada inesquecible co noso concurso de disfraces do Concello de Outes 2026

BASES

PRIMEIRA: Poderán participar tódalas persoas, grupos ou comparsas que formalicen a súa inscrición a través do rexistro electrónico, de forma presencial no rexistro do Concello de Outes ou enviando a folia de inscrición ao correo animacion@outes.gal ata o día 16 de febreiro, ou o mesmo día (18 de febreiro), ata media hora antes do inicio, na praza de Galicia ou, en caso de choiva, no pavillón polideportivo da Serra de Outes.

Os premios deste concurso terán a consideración de premio-subvención segundo a 10ª Disposición da LGS e que se outorgarán en réxime de concorrencia competitiva, ao abeiro do disposto na Lei Xeral de Subvencións e o seu Regulamento.

SEGUNDA: Os participantes poderán inscribirse nalgunha das catro modalidades seguintes:

- 1. INFANTIL:** 1-2 nenos/as de ata 12 anos
- 2. INDIVIDUAL:** 1-2 persoas sen límite de idade
- 3. GRUPO:** cun mínimo de 3 e un máximo de 8 persoas
- 4. COMPARSA:** formada por 9 ou máis persoas.



TERCEIRA: O xurado estará composto por cinco persoas designadas polo Concello a través de resolución da Alcaldía que se fará pública no taboleiro de anuncios municipal e na sede electrónica. A cualificación dos disfraces e comparsas terá lugar a partir das 17:00 h. na praza de Galicia ou, en caso de choiva, no pavillón polideportivo e o xurado avaliará segundo os seguintes criterios dependendo da categoría:

- 1. INFANTIL, INDIVIDUAL e GRUPOS:** A orixinalidade dos disfraces, o carácter humorístico, o grao de elaboración, a escenificación e animación da representación.
- 2. COMPARSA:** A orixinalidade dos disfraces, o grao de elaboración, a espectacularidade, o número de compoñentes (este criterio terá unha puntuación do 1 ao 4), a coordinación e animación da representación.

Para a válida constitución do xurado será precisa a presenza de alomenos 4 dos seus membros e os acordos tomaranse por maioría simple dos presentes. A decisión do xurado será definitiva e inapelable e as súas deliberacións secretas. Se o considérase axeitado, o xurado poderá declarar deserto algún ou algúns dos premios.

CUARTA: Os participantes farán unha escenificación da súa proposta diante do xurado a parte de participar no desfile posterior polas rúas do concello. **A escenificación poderá contar con fío musical tendo que seren entregados os medios musicais en soporte USB antes das 16:30 do día da representación ou a través do medio alternativo que puidera ser anunciado na publicación do evento.** Dependendo da categoría, os participantes terán as seguintes limitacións:

- 1. INFANTIL:** Duración máxima da representación de **1 minuto**
- 2. INDIVIDUAL:** Duración máxima da representación de **1 minuto e 30 segundos**
- 3. GRUPO:** Duración máxima da representación de **3 minutos**
- 4. COMPARSA:** Duración máxima da representación de **5 minutos**

Os participantes que excedan esta limitación en máis de **45 segundos** serán penalizados substraendo un 15 % da nota final do xurado e a organización paralizará a representación tan pronto sexa necesario.



QUINTA: Os premios concederánselles aos primeiros clasificados de cada categoría de acordo coa seguinte táboa:

	INFANTIL	INDIVIDUAL	GRUPO	COMPARSA
1º Posto	50 €	200 €	400 €	750 €
2º Posto	35 €	150 €	250 €	500 €
3º Posto	30 €	50 €	100 €	200 €
4º Posto	25 €		50 €	100 €
5º Posto				80 €

O financiamento dos premios previstos nas presentes bases farase con cargo á partida orzamentaria **338-4800**, polo importe máximo total de **2.970,00 €**.

SEXTA: Todas as persoas concursantes cederán os dereitos de reprodución fotográfica ao Concello, co fin de incluír na súa publicidade as fotos que estime necesarias.

SÉTIMA: Queda estritamente prohibido o uso de calquera material, de accións vexatorias ou violentas que atenten contra os participantes ou o público ou animais perigosos que poñan en risco a integridade de tódalas persoas presentes. Os participantes deberán cumprir a lexislación vixente en materia de benestar animal. De non respectar este apartado o participante será descualificado automaticamente.

OITAVA: O Concello de Outes poderá modificar a hora, o lugar e o sistema de clasificación se as condicións de seguridade e/ou climatoloxía así o requirisen, así como suprimir as inscricións presenciais no mesmo día do concurso.

NOVENA: O feito de participar no concurso leva implícito a aceptación das presentes bases.

DÉCIMA. Os participantes con carrozas ou elementos que foran montadas con elementos de mobiliario público así como rodas de contedores do lixo poderían ser descualificados se se confirma que procede da propiedade pública.

UNDÉCIMA. Quedarán descualificadas todas as participacións que representen, conteñan ou promovan elementos de especial ofensa, con carácter sexista ou LGBT-fóbico, que insulten a colectivos ou teñan implícito un discurso de odio. Tamén poderán ser descualificadas as participantes que incumplan os requisitos básicos de educación e convivencia. Que insulten, acosen ou teñan comportamentos non apropiados, tanto co resto de concursantes como coa organización. Que leven adiante accións que poidan ser consideradas abusivas, contrarias á boa fe e aos principios de independencia, imparcialidade e/ou obxectividade do concurso.

DUODÉCIMA. A resolución e anuncio cos gañadores do concurso, xunto coa entrega dos premios en metálico, terá lugar unha vez rematado o desfile e enterro da Sardiña. Se non se recolle o premio nos seguintes dous meses dende



a data de resolución do concurso considerarase deserto e o Concello non fará entrega despois de dito prazo.

A entrega do premio en metálico terá carácter de anticipo, e será aprobado definitivamente por Resolución de Alcaldía. A resolución e notificación definitiva da Resolución de Alcaldía ás persoas premiadas terá un prazo máximo de 3 meses a contar dende a data da celebración do concurso mediante o réxime previsto nos artigos 40 a 46 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

DÉCIMA TERCEIRA. Contra a resolución de concesión dos premios ditada por Resolución de Alcaldía, que pon fin á vía administrativa, procede a interposición de Recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía da Corporación, ou ben a interposición directa de recurso contencioso-administrativo, consonte ó sinalado nos artigos 123 e da Lei 39/2015.

Outes, na data que figura á marxe;
O Alcalde, Francisco Calo Abelleira.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

